



**CONCELLO
DE VIGO**

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Una maneira de facer Europa



UNIÓN EUROPEA

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

3.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A ACTUALIZACIÓN DAS APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PARA A XESTIÓN DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) E DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍA). EXPTE. 8816/113.

Visto informe de fiscalización do 10/12/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 9/12/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario, coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a “Actualización dos aplicativos de Xestión do IAE e Xestión da Plusvalía”.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado en data 30/09/2019 pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares, asinado en data 11/06/2019 pola Adxunta ao Xefe do Servizo de Admón. Electrónica e polo Xefe de servizo de Administración electrónica.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 89.999,80 €, que inclúe un IVE de 15.619,80 €, dende o 15 de setembro de 2019, e que se imputará á seguinte partida:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2020 12:09 Páxina 1 de 4

Expediente 8816/113

CSV: 27EFE7-BHBEDA-B85F57-KF3YLK-ED5D8U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO
DE VIGO**

Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
Una maneira de facer Europa



UNIÃO EUROPEA

Partida	Exercicio	Base	IVE.	Importe total
9207. 6400002	201 9	74.380,0 0	15.619 ,80	89.999,80 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 21 de novembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L. con CIF B-36.499.960, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMATIA INNOVATION, S.L., o día 25 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 4 de decembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de decembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2020 12:09	Páxina 2 de 4
	Expediente 8816/113	CSV: 27EFE7-BHBEDA-B85F57-KF3YLK-ED5D8U-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO
DE VIGO**

Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Una manera de hacer Europa



UNIÓN EUROPEA

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMATIA INNOVATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 15 de novembro de 2019 e co acordo da Mesa polo que se outorgou a este licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula en aplicación da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L., con CIF B-36.499.960, o procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 76.472,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.272,00 euros.*
- b) *Inclúe unha bolsa de horas adicionais de mantemento evolutivo perfectivo sobre as mínimas esixidas no punto 9 do prego de prescricións técnicas particulares, de 35 horas.*
- c) *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido no punto 10 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (12 meses) en 2 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos, informando que contra a anterior resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a dictou no prazo de un mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2020 12:09 | Páxina 3 de 4

Expediente 8816/113

CSV: 27EFE7-BHBEDA-B85F57-KF3YLK-ED5D8U-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO
DE VIGO**

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
Una maneira de facer Europa



UNIÓN EUROPEA

Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, amolos dous contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Nas próximas datas enviaráselle o contrato ao adxudicatario para a súa sinatura electrónica.

Os informes e documentación que motivan esta adxudicación poden consultalos no seguinte enderezo web:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=0ro0bbMu8pUuf4aBO%2BvQIQ%3D%3D

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (*“As notificacións practícanse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante”*), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

A Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación (por delegación-resolución 14.12.2017).- Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2020 12:09	Páxina 4 de 4
Expediente 8816/113	CSV: 27EFE7-BHBEDA-B85F57-KF3YLK-ED5D8U-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		